

► Instruccións para cumprimentar a solicitude

- **Datos solicitante.** A persoa solicitante será a obrigada ao pagamento e poderá actuar por medio de representante.
- **Datos representante.** Só se cumprimentarán estes datos cando a persoa solicitante actúe a través dun representante asignado. En caso de persoas xurídicas a representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura debidamente lexitimada notarialmente ou por comparecencia. En caso de persoas físicas, bastará con que o **representante asine** esta solicitude, **xunto co solicitante** no espacio reservado para elo, e acheguen **copia dos NIF**.

► Información

A comunicación da domiciliación dirixirase á Tesouraría do Concello de Pontevedra a lo menos **dous meses antes do comezo do período de cobro**. En outro caso, a comunicación producirá efecto a partir do período seguinte.

As domiciliacións terán validez por tempo indefinido en tanto non sexan anuladas. **O cambio en calquera dos datos** que figuran na solicitude de domiciliación **suporá a anulación automática** da domiciliación.

Ademais, a **domiciliación afecta exclusivamente aos conceptos e obxectos tributarios descritos nela**, polo que en ningún caso suporá que se teña solicitada a domiciliación doutros pertencentes ao obrigado. Por exemplo, se xa temos domiciliado un vehículo, e se compra un novo, este último non queda domiciliado.

Dado que o pago poderá domiciliarse nunha conta que non sexa de titularidade do obrigado, sempre que o titular de dita conta autorice a domiciliación; e que, no caso de que o titular do recibo e o titular da conta sexan diferentes, a solicitude de domiciliación terá o carácter de autorización. Entón, a domiciliación debe ser solicitada polo titular da conta, cando este sexa diferente ao titular do recibo.

O terceiro que pague a débeda non estará lexitimado para exercer ante o Concello de Pontevedra os dereitos que corresponden ao obrigado ao pago. Polo tanto, non poderá solicitar a devolución, interpoñer recursos, solicitar a anulación, etc..

Os **conceptos tributarios** que se poden domiciliar son os que se xestionan por recibo, polo que as liquidacións notificadas (con acuse de recibo) no domicilio do obrigado ao pago non se poden domiciliar. Os máis habituais son:

IBI	Imposto sobre bens inmobles.
IAE	Imposto sobre actividades económicas.
IVTM	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
QUIOSCOS	Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial pola instalación de quioscos na vía pública.
VADOS	Taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de vía pública para aparcamento de mercadorías de calquera clase.
MESAS E CADEIRAS.....	Taxa pola ocupación de terreos de uso público de mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.
MERCADOS	Taxa polos postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situados en terreos de uso público, industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.
LIXO	Taxa pola recollida do lixo no rural.

► Normativa reguladora

Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria. (LXT)

Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación (RXR)